

SESIÓN 2 “CONVIVENCIA VIRTUAL” NARÓN

Bo día a todos e todas,

Como levades esta semana? Agardo que bos atopedes ben e aínda con forza e ánimo para seguir uns días (ou semanas...) máis na casa; o estades facendo xenial! Coma o venres xa ides marchar de “vacacións” e non podedes baixar case á rúa, nin ás prazas e parques, nin ás praias ou todos aqueles sitios onde ao mellor vos apetecería ir, invítovos a que fagades unha visita virtual a aquel lugar ao que vos teletransportariades ou ao que vos gustaría viaxar, pode ser en Narón ou mais lonxe...dádelle á imaxinación e poñede no Google Earth o que queirades:

<https://earth.google.com/web/@0,0,-24018.82718741a,36750128.22569847d,35y,0h,0t,0r/data=KAE>

Pero eu déixovos algunhas opcións por se vos prestan 😊 Boa viaxe virtual!

- <http://www.viajesvirtuales.es/>
- <https://artsandculture.google.com/>
- https://www.google.com/intl/es_es/sky/
- <https://celestia.es/>

E para cando chegedes da viaxe, como ao mellor estades un pouco cansos/as propóñovos, se vos apetece, que olledes coa familia algunha destas películas que teñen como telón de fondo un tema do que xa falamos, pero que retomaremos á volta de vacacións, sabedes cal é?



Estoume lembrando moito tamén estes días dos nenos e nenas que sofren acoso escolar ou ciberacoso: estarán contentos/as de estar na casa? Sentiran apoio virtual dalgúns dos compañeiros/as? Ou estarán sendo acosad@s polas redes tamén estes días? Aproveitarán a contarlle ás súas familias como se estaban a sentir na clase antes do confinamento? Se sabedes algo deles/as contádeme e se es TI quen queres contarme algo ao respecto ou expresar como te sentes...aquí estou para escoitarte e axudarte, non o dubides!

Agardo as vosas reflexións, comentarios, emocións ou saudíños no meu mail; faríame moita ilusión saber de vós, así que aquí estou para o que necesitedes mentres non poidamos retomar as clases presenciais: raquel.atalaiasocial@gmail.com

Mándovos unha aperta virtual 😊 E GRAZAS ás persoas que me estades respondendo!

Raquel

#euquedonacasa #todovaisairbenconcabezaecorazón #convivenciavirtualnaron